

A **Campaña Mundial pola Educación (CME)** promove a educación como un dereito humano básico e impulsa a presión política sobre os gobernos e a comunidade internacional para que cumpran as súas promesas de prover de educación básica gratuita, obrigatoria e pública a todas as persoas; en particular á infancia, ás mulleres e aos sectores desfavorecidos da sociedade.

A CME está impulsada pola convicción de que unha educación de calidade para todos e todas é alcanzable, e pola preocupación polo enorme custo social que supón aos países que carecen dela.

A CME, fundada en 1999, reúne ONG e sindicatos de educación en máis de 150 países arredor do mundo. Por iso conta cunha capacidade singular de mobilización da sociedade civil.

En España, a Semana de Acción Mundial pola Educación está promovida a nivel estatal polas seguintes organizacións: Alboan, Axuda en Acción, Educación sen Fronteiras, Entreculturas, FE.CCOO, FERE-ceca, FETE UGT, Fundación Cultura de Paz, InteRed, Mozos e Desenvolvemento e STES-i.

## A educación non é un conto. Polos dereitos das nenas e as mulleres.

A **Semana de Acción Mundial pola Educación (SAME) 2011** ponse en marcha baixo o lema **A educación non é un conto. Polos dereitos das nenas e as mulleres.** Millóns de persoas en todo o mundo mobilizarémonos para recordar aos líderes políticos as dificultades que millóns de nenas e mulleres no mundo teñen para acceder a unha educación de calidade, e para pedirles que tamén lembren e cumpran o seu compromiso de destinar os recursos necesarios para facer realidade a Educación para Todos e Todas en 2015.

A **Grande Historia** é a acción que propón a SAME para que entre toda a sociedade civil, alumnos e alumnas, docentes, clase política e outros axentes, nos mobilicemos e reflexionemos sobre a importancia da educación das mulleres e as nenas, e os obstáculos que cada día afrontan para poder exercer o seu dereito a unha educación de calidade. A partir dos testemuños das experiencias de nenas e mulleres elaboraremos contos que reflectan como o acceso á educación ou a falta desta pode cambiar a vida presente e futura das nenas e as mulleres.

### Como participar na SAME 2011?

1. Traballando as propostas didácticas.
2. Participando en A Grande Historia e algúns dos actos que se organizarán en toda España e en Galicia durante a SAME, nos que recordaremos ás persoas representantes do goberno galego e español os seus compromisos e a necesidade de que poñan a educación das mulleres e as nenas na primeira páxina da súa axenda.
3. Uníndote á CME e deixando o teu conto na nosa páxina web. Ademais de asinar en apoio desta, coñecerás a importancia da educación das mulleres e as nenas, as noticias da campaña ou as actividades que se están a realizar noutras partes do mundo.

**Escribe a [cme-galicia@cme-espana.org](mailto:cme-galicia@cme-espana.org) ou visita [www.cme-espana.org](http://www.cme-espana.org) para obter máis información e participar na Semana de Acción Mundial pola Educación.**


Campaña Mundial pola  
**EDUCACIÓN**  
[www.cme-espana.org](http://www.cme-espana.org)


## A GRANDE Historia

**A educación non é un conto.**  
Polos dereitos das nenas e as mulleres.

**SEMANA DE ACCIÓN MUNDIAL POLA EDUCACIÓN**  
Abril de 2011

الفئات **femmes** **Girls** **filles**  
Niñas





### Se ben os gobernos do mundo realizaron avances no logro da Educación para Todos e Todas, a educación básica non está ao alcance de todas as persoas.

Especialmente as mulleres e as nenas teñen que afrontar obstáculos como a distancia ata a escola, a falta de servizos hixiénicos, os matrimonios e embarazos precoces ou o coidado de familiares enfermos.

- 69 millóns de nenas e nenos seguen sen estar escolarizados (o 54% son nenas) e, de continuar así, en 2015 polo menos 56 millóns seguirán sen ter acceso á educación.
- 759 millóns de persoas adultas non saben ler nin escribir, dous terzos das cales son mulleres. De seguir así, en 2015, 710 millóns de persoas adultas seguirán carecendo desas competencias.

- Só o 37% dos países do mundo lograron a paridade entre rapaces e rapazas no ensino secundario.

Non obstante, a educación das nenas é unha cuestión de dereitos que produce beneficios considerables, non só en termos de crecemento económico, senón tamén para a democracia e a saúde familiar.

- Un ano extra de escola primaria incrementa o salario final dunha rapaza entre un 10 e un 20 por cento.
- As nenas que completan a educación primaria teñen a metade de probabilidade de infectarse coa VIH que as que non asistiron á escola.
- A mellora na educación das nenas ten consecuencias no aumento da produción do sector agropecuario e, polo tanto, na redución da malnutrición.

Un dos principais retos que a comunidade internacional debe afrontar para cumprir en 2015 cos Obxectivos de Dakar e cos Obxectivos do Milenio é o de **conseguir a cantidade de recursos necesaria para financiar a Educación Básica Universal para todos e todas**. Necesítanse 16.000 millóns de dólares anuais para lograr a Educación para Todos e Todas en 2015.

Fonte: UNESCO

### A CME esixe:

### Á cooperación galega e española:

- Incrementar o seu financiamento á educación nos países do Sur, dedicando polo menos o 8% da AOD a Educación Básica, tal e como se comprometeu a Secretaria de Estado para Cooperación, Soraya Rodríguez, en novembro de 2008.
- Impulsar os trocos de débeda por educación, eliminando a súa vinculación á compra de bens e servizos de orixe española e renovando o seu compromiso de financiamento de forma predicible a través da Iniciativa Vía Rápida en Educación (FTI, nas súas siglas en inglés).
- Contribuír á erradicación da discriminación por xénero, apoiando plans educativos orientados a este fin.

### Aos países do Sur:

- Dedicar polo menos o 20% dos seus orzamentos e o 6% do PNB á educación, e eliminar toda clase de taxas e custos.
- Elaborar políticas e prácticas destinadas a lograr a **igualdade de xénero** en e a través da educación.
- Poñer en marcha unha política educativa que mellore a **calidade da educación**.
- Pagar un soldo digno ao profesorado, polo menos equivalente ao dun mestre de educación primaria, ademais de ofrecerlle formación e reciclaxe constantes.
- Incluír medidas específicas que aseguren unha educación de calidade para os sectores máis desfavorecidos, e especial para as mulleres e as nenas.

### As institucións internacionais:

- Ampliar os obxectivos da FTI (Iniciativa Vía Rápida en Educación), de maneira que impulse os países a abordar os seis obxectivos da Educación para Todos e Todas.
- Garantir que todos os países do Sur que contén cun **Plan de Educación para Todos e Todas**, acorde cos compromisos de Dakar, reciban o apoio da FTI, en especial os 60 países de renda baixa.
- O Banco Mundial debe garantir que os seus préstamos serven para apoiar un país, sector ou plan con fondos adicionais e predicibles.
- O FMI debe eliminar a imposición dos teitos salariais do sector público e as condicións macroeconómicas que impiden a contratación do profesorado necesario e outros gastos recorrentes nos países do Sur.

# معلمة BOOKS Las Mujeres